



## Concello de Outeiro de Rei

---

### SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 22 DE FEBREIRO DE 2018

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, ás 13:50 minutos do día 22 de febreiro de 2018 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros, D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Xabier Molinos Campos, D. Xosé Ferreiro Fernández, D<sup>a</sup> Magdalena Ron Villar e D<sup>a</sup> Juana Romero García e, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Dona Luisa Meilán Lombao excusa a súa asistencia.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta da sesión plenaria celebrada o día 28 de decembro de 2017.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación de dita acta.

Realizado o debate, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ADQUISICIÓN DA “CASA FORTE” DE OUTEIRO DE REI**

Iníciase o punto da orde do día coa defensa, polo concelleiro do BNG, don Xavier Molinos, da moción presentada con data de 19 de febreiro de 2018 e do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN PARA QUE DENDE O CONCELLO SE FAGAN OS TRÁMITES NECESARIOS PARA PODER ADQUIRIR PARA O PATRIMONIO MUNICIPAL A “CASA FORTE” DE OUTEIRO DE REI

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A "Casa Forte" de Outeiro de Rei, tamén coñecida como "Pazo dos Gayoso" ou



## Concello de Outeiro de Rei

---

como "Casa da señorita" destaca por ser, entre as do seu xénero, unha das de maior prestancia e carácter de Galicia. Foi fundada pola familia irlandesa O'Kelly, a partir dunha torre medieval, nas últimas décadas do s.XV, e posteriormente pasou ás mans da liñaxe dos Gayoso.

Sita dentro do casco urbano do casco urbano da capital municipal, presenta unha planta rectangular, volume moi compacto con ocios pequenos. Solaina traseira ao xardín, muros de cachotería de lousa e dúas portas de arco de medio punto enmarcadas con grandes pedras de cantería. Do seu pasado medieval só conservamos os restos dunha muralla duns 200 metros, cun paso de ronda de 1'5 m, que rodeaba o seu patio de armas.

Despois desta escueta referencia á "Casa Forte" consideramos que é indiscutible a importancia que ten e xunto coa súa contorna forman un conxunto que ten un valor, tanto histórico como patrimonial, para o noso país indiscutíbel.

E xa que desde hai bastantes anos para este ben figura aprobado un proxecto de rehabilitación para uso hoteleiro pero que non se dá materializado e o deterioro é progresivo a pesares de estar protexido polo planeamento urbanístico de Outeiro de Rei e figurar no Inventario Xeral do Patrimonio de Galicia do 2012 (código RI000020055), polo cal ten a consideración de ben que merece ser conservado.

E tendo en conta o que di a Constitución Española, art. 46 " Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade" e o Decreto de Protección dos Castelos (BOE 5/5/1949) no seu artigo 2 " *Los Ayuntamientos en cuyo término municipal se conserven estos edificios son responsables de todo daño que pudiera sobrevenirles*"

Consideramos que o noso Concello debe ser quen de restaurar a "Casa Forte" dos O'Kelly, xa que así podería facer de Outeiro de Rei referencia obrigada, atraendo visitantes de todas as zonas, ao mesmo tempo que sería unha actuación exemplar desde o punto de vista de respecto ao noso pasado e ao noso patrimonio.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción do seguinte ACORDO

Que o Concello de Outeiro de Rei se dirixa aos actuais propietarios da "Casa Forte" coa finalidade de adquirir para o patrimonio municipal dito ben, ante o grave abandono que presenta e xestionar perante os organismos correspondentes (ben da Unión Europea, do Goberno Central, da Xunta de Galicia, Deputación Provincial ou entidades privadas) o financiamento necesario, de selo caso, para levar a cabo a súa rehabilitación."

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra a voceira de FLI, que respalda o contido da moción e recorda a obriga de conservar o noso patrimonio cultural.

O voceiro do PP afirma estar de acordo coa conservación do patrimonio cultural, e



## Concello de Outeiro de Rei

---

informa que fai pouco tempo mantiveron contactos co novo propietario do Pazo, nos que a nova propiedade trasladau ao concello a súa intención de rehabilitar o pazo a fin de implantar nel unha actividade económica, o que é fundamental para garantir a conservación do ben. Por tal motivo, o equipo de goberno non ten a intención de adquirir este inmovible, se ben continuarán a manter contactos cos propietarios a fin de animalos a sacar a diante o proxecto e, mesmo, a axudalos se é necesario.

O concelleiro do BNG resposta que unha cousa é non ser intervencionista e outra mirar para outro lado ante o estado de absoluto abandono no que se atopa. Basta dar unha volta polo entorno para decatarse do risco que supón para as persoas o desprendemento de elementos constructivos, ou mesmo o atentado para o ornato. Cita o exemplo de que, tras unha valla de obra que acouta o pazo, pode verse un colchón tirado.

Esta dexaidez do equipo de goberno non se limita ao pazo. Temos outros exemplos coma a Torre de Caboi, ou as medorras, cuxa meirande parte atópanse tan sequera sen sinalizar e mesmo ocultas pola maleza.

Debe existir un mínimo de vontade e sensibilidade política carón o patrimonio cultural, e para iso os cartos non son excusa. Fai pouco tróuxose a este Pleno un abultado remanente de tesourería, moi superior ao prezo de poxa do Pazo: 8 millóns de pesetas.

E tamén existe a posibilidade de buscar financiamento para elo, como a través do FEDER, o na Xunta o AGADER ou o Plan LEADER, por exemplo. Noutros concellos galegos, coma San Sadurniño ou Allariz, gobernados polo BNG, fixéronse intervencións que permitiron recuperar patrimonio e incorporalo ao dominio público.

Por outra banda, non soamente é posible un uso hoteleiro no pazo, tamén é apto como casa da xuventude, casa de oficios, viveiro de empresas, un centro cultural, ou unha mixtura de varios usos.

As respostas do Alcalde neste asunto recórdalle a don Capitón, personaxe de Manuel María que ordenou entullar a fonte porque estaba á esquerda, e derribar o palco da música porque o salario dos músicos detraía os cartos dos que se alimentaba o seu salario, ou non arranxar a capela de Santa Isabel para adicar esos cartos para invitar a empanada aos seus veciños. E así temos todo; patas para arriba.

O sr. Alcalde estaba aquí como concelleiro cando o seu compañeiro Xaneco presentou, o 1 de maio de 1996, unha moción moi similar na que pedía que se iniciasen negociacións coa propiedade do Pazo para a súa adquisición, dado o estado de abandono no que se atopaba.

En maio de 1996 o PP votou non, e hoxe, en 2018, vota non outra vez, e namentres o pazo está a caer.

O voceiro do PP nega que o asunto do pazo teña que ver con ideoloxía política, e pregúntase se esa afirmación do BNG non terá que ver coa súa mala conciencia. Nunca



## Concello de Outeiro de Rei

---

se pechará nada porque esteña a esquerda. Se cerrará ou non, pero non porque esté a esquerda ou a dereita.

Insiste en que fai tres meses mantivo unha reunión co novo propietario no que éste lle trasladou que está a estudar a rehabilitación do pazo para implantar unha actividade económica. E sempre será mellor que a iniciativa privada se encargue de afrontar a rehabilitación que o faga do concello, que ten moitas necesidades que atender e moito onde priorizar a asignación dos cartos públicos.

O concello non mira para outro lado no que atinxe á seguridade ou ao ornato, agora ben, isto último tamén é cuestión de cultura e educación, xa que lamentablemente adoita suceder que, a carón dos contenedores, determinados cidadáns vertan o lixo no chan.

Remata afirmando que a recuperación do patrimonio cultural está directamente vencellada ao financiamento, xa que os cartos públicos son limitados e as necesidades veciñais enormes, polo que debe priorizarse a asignación do gasto. Tamén recorda que vimos de unha profunda crise económica que mermou moito os fondos públicos, polo que a actuación do equipo de goberno neste eido ten que avanzar a medida que as circunstancias o permitan.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con catro votos a favor e oito en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.

### 3.- ASUNTOS DE URXENCIA

O Alcalde da conta da presentación de unha moción de urxencia polo grupo municipal do BNG o día 22 de febreiro de 2018, sobor o apoio a folga internacional de reivindicación feminista do 8 de marzo.

Iníciase este punto da orde do día coa defensa da urxencia da moción polo voceiro do grupo municipal do BNG, quen a xustifica no feito de que a data da celebración do día da muller traballadora é anterior ao vindeiro pleno, motivo polo cal, de deixar a moción para o pleno de abril, ésta carecería de vixencia.

Por outra banda, xa que outra moción presentada polo BNG foi reconvertida polo Alcalde en rogo para evitar que os veciños vexan o que vota, e ante a regra non escrita de que cada grupo municipal pode presentar até dúas mocions por pleno, o tratamento de esta moción non implica sobrepasar esta regra.

Por último, xustifica a urxencia na situación gravísima de discriminación que están a sufrir as mulleres, que aconsella un tratamento da moción.

O voceiro do PP afirma que non lle preocupa nada tratar este tema, porque este



## Concello de Outeiro de Rei

---

equipo de goberno non soamente fai proclamas, senón que actúa de xeito coherente co que defende. De feito, o grupo municipal do PP está composto en máis dun 50% por mulleres, nametres que noutros, a porcentaxe de mulleres é do 0%. Asemade, máis do 50% dos traballadores do concello son mulleres e non existe discriminación salarial algunha. Así, namentres uns presentan o que presentan outros fan o que fan.

A continuación, fai alusión a que quenes presentan a moción o fan en condición de deputados provinciais e a moción ten por único obxecto actuacións a realizar a deputación provincial, o que lle parece pouco serio e evidencia que se trata de pura propaganda, xa que non se molestou en comprobar se neste concello existe ou non discriminación.

Xa que é pura propaganda, non apoiará a urxencia da moción.

O voceiro do BNG aclara que se trata dun erro informático de corta-pega propio de redactar a moción as tres da mañá. Non obstante, pide disculpas polo erro de transcripción.

As concelleiras do grupo municipal do PP, Pilar Méndez e Begoña Seco, afirman que non aprecian discriminación algunha no seo do grupo e interveñen no tratamento dos asuntos en condicións de igualdade, o que non obsta para que, con carácter ordinario, as intervencións no pleno as faga o voceiro do grupo.

O Alcalde considera que, nesta Administración, tanto no eido político coma no administrativo, non existe discriminación algunha.

Neste intre, intervén a voceira do grupo municipal de FLI, quen afirma que, a pesares do erro, a totalidade dos concelleiros de este Pleno manifestaron estar de acordo co fondo do asunto da moción, polo que non se entende porqué non se saca adianta coas correccións que correspondan.

O Alcalde propón facer unha manifestación do Pleno, a aprobar pola unanimidade dos membros presentes, apoiando as mulleres traballadoras así coma á igualdade efectiva entre homes e mulleres en tódolos eidos, en concreto no eido laboral.

O voceiro do BNG recorda que o día da muller é unha celebración a prol dos dereitos de tódalas mulleres, sen limitacións xeográficas.

Tamén propón que a manifestación teña un contido breve, como podería ser “O concello de Outeiro de Rei apoia as reivindicación das mulleres a prol da igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e a vivir sen violencia”.

O Alcalde fai fincapé na necesidade de estender a conciencia das situacións de desigualdade da muller no terceiro mundo.

O voceiro do grupo municipal do BNG retira a moción proposta.

Finalmente, o Pleno, por unanimidade dos membros presentes manifesta:



## Concello de Outeiro de Rei

---

“O concello de Outeiro de Rei apoia as reivindicacións das mulleres a prol da igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e ao dereito a vivir sen violencia, e fai especial mención a necesidade de afondar nesta igualdade nas nacións menos desenvolvidas”.

### 4.- ROGOS E PREGUNTAS

A continuación, o Secretario da lectura, en viva voz, do escrito de moción presentado o día 19 de febreiro de 2018 polos concelleiros do grupo municipal do BNG, e reconvertido en rogo, do seguinte teor literal:

Xosé Ferreiro Fernández e Xabier Molinos Campos, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN PARA QUE DENDE O CONCELLO SE PROCEDA A ACONDICIONAR OS LUGARES DE COLOCACIÓN DOS CONTEDORES DO LIXO

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun concello moderno, a imaxe que se transmite das súas rúas, pistas e camiños é algo que ten unha importancia capital, tanto polo propio sentimento de autoestima que se transmite cara dentro como pola imaxe que se lanza ao exterior.

No caso do concello de Outeiro de Rei esta imaxe aínda é máis importante, se cabe, pois dada a súa situación xeográfica e o seu potencial de patrimonio artístico e natural, a presenza de visitantes de fóra do concello é fundamental para o seu desenvolvemento tanto social como económico.

Nese sentido, os solares abandonados nas urbanizacións, as parcelas sen limpar e completamente descoidadas no centro da vila, as cunetas de todo o concello sen desbrozar e, o que neste caso nos atinxe, os contedores do lixo colocados sen ningún criterio, moitos deles tirados ou cheos de lixo coas bolsas tiradas polo chan ao seu redor porque non caben dentro, son cuestións que en nada axudan a dar esa imaxe de concello moderno que necesita Outeiro de Rei para seguir a medrar.

A día de hoxe, as veciñas e veciños de Outeiro conseguimos ter un servizo de recollida de lixo que abrangue practicamente a totalidade do concello, cando menos en case todos os barrios ou lugares existe algún contedor de lixo.

Tamén é unha realidade que este servizo non é unha aportación “xenerosa” ou “desinteresada” do concello, senón que o pagamos todas e todos coas taxas e impostos correspondentes, cuestión que nos dá todo o dereito a poder esixir unha boa calidade nese servizo e as melloras que consideremos oportunas.



## Concello de Outeiro de Rei

---

Neste senso, resulta unha cuestión indiscutible que a imaxe que presentan os contedores ao longo das pistas e camiños do concello non é para nada acorde co que se espera dun concello coma Outeiro de Rei. Os contedores postos de calquera xeito nas cunetas, contedores cheos ata arriba, sen pechar as tapas e rodeados de bolsas de lixo non chan porque non caben dentro así como contedores tirados polo chan, sobre todo en canto sopra un pouquiño de vento, son imaxes que se poden observar todas as semanas en moitos puntos do concello.

Se ademais disto temos en conta que neste momento nos atopamos cunha campaña para intentar reducir o “feísmo” e se está “obrigando” aos propietarios das construción a que respecten unha serie de normas nese sentido, podendo incluso chegar a sancionalos, o normal é que as administración, e neste caso o concello, sexa o primeiro en cumprir con estas normativas e elimine todos aqueles elementos que son da súa competencia e que poidan facerlle dano á imaxe que presenta o concello.

Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde e ao Goberno Municipal a que poña en marcha as seguintes medidas:

✓ Que se elabore un estudo dos contedores nos que non cabe o lixo xerado, conxuntamente coa situación dese recorrido, procedendo logo a corrixir estas deficiencias ampliando a frecuencia da recollida ou aumentando a capacidade dos contedores deses puntos, segundo sexa o caso e as conclusións do estudo previo

✓ Que se proceda a facer un programa para construír lugares axeitados para a colocación dos contedores do lixo, lugares que se atopen integrados no medio e que, ao mesmo tempo, estean suxeitos non permitindo que estes caian ou rolen polo chan cada vez que faga un pouco de mal tempo.”

Rematada a lectura do rogo, o Alcalde afirma que non é necesario facer un estudo para identificar os contenedores onde non cabe o lixo, xa que o equipo de goberno coñece perfectamente a situación, e tan pronto se identifica un lugar onde isto sucede, se colocan máis contenedores. De feito, se está a incrementar o número de contenedores constantemente e, a tal feito, o concello ten un stock de contenedores para estas finalidades.

Tamén é certo que, por falta de educación ou civismo, frecuentemente se producen verquidos de lixo a carón de contenedores valeiros ou semivaleiros.

No que atinxe ao programa para construír zonas de estacionamento de contenedores, a proposta está ben, pero sucede o de sempre, que é o tema do financiamento. Por iso, o Concello fai estas actuacións alí onde percibe que son máis necesarias, coma na Santa Isabel ou en certos puntos de algunha parroquia. Pero esto faise paulatinamente a medida que se detectan as necesidades e existen cartos para facelo, ao igual que se fixo coa ampliación da rede de estradas ou de abastecemento.



## Concello de Outeiro de Rei

---

Polo tanto, o que se pide na moción é, nin máis nin menos, o que se pide na moción.

O voceiro do grupo municipal do BNG, manifesta a súa oposición a que unha moción en calquer circunstancia se reconverta en rogo, xa que, ademais da súa dubidosa legalidade, constitúe unha práctica antidemocrática e unha cobardía política sen precedentes.

O Alcalde considera que é legal, lóxica e que así se fai na meirande parte das Administracións.

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, ao rogo presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 659 e datado de 19 de febreiro de 2018 do seguinte teor literal:

Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan ANTE O Pleno Municipal de Outeiro de Rei e dirixido ao seu Alcalde os seguinte

### ROGO REFERENTE AO PROBLEMA DS POZAS QUE SE FORMAN CANDO CHOVE NAS RÚAS DO SALETE III

Exposición de motivos:

No Salete III, á altura do cruce da rúa Castelo do Picato, vindo dende a estrada de Ombreiro, fórmanse inmensas balsas de auga cada vez que chove cun pouco de intensidade. É debido, por un lado, ao deseño que se fixo no seu día da vía e, por outro, a insuficiencia dos sumidoiros que se construíron.

Estas pozas de auga causan, fundamentalmente dous problemas: por un lado, as molestias aos peóns, que reciben indexadas duchas cando va camiñando e pasa ao seu carón un vehículo; por outro, constitúen un auténtico risco para o tráfico rodado, pola posibilidade de aquaplaning. Nestes días pasados, a situación aínda empeorou, dado que estas pozas conxelábanse pola noite, co cal aumentaban as posibilidades da perda de control do vehículo ao pisalas.

O arranxo desta situación de forma urxente estase a converter nunha queixa xeneralizada das veciñas e veciños da zona.

Por todo iso, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro, facéndose eco das solicitudes das veciñas e veciños afectados por este problema, presenta ante o Alcalde desta institución o seguinte ROGO:

Que o concello proceda a realizar as labores precisas para arranxar de xeito urxente o problema antes descrito”.

O Alcalde confirma que sí que existe unha pequena zoa na que, por afundimento do firme, embalsa auga. Non obstante, o Concello ten prevista unha intervención nesa





## Concello de Outeiro de Rei

---

rúa e se afrontará o problema.

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, ao rogo presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 715 e data de 22 de febreiro de 2018, do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa toma en consideración por parte da Alcaldía o seguinte ROGO REFERIDO A ELIMINACIÓN DO DESLUMBRAMENTO DOS FOCOS DE ILUMINACIÓN DAS PISTAS DE KARTING

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai xa varios meses que veciños e veciñas da zona se veñen queixando do delumbramento que producen os focos que iluminas as pistas de Karting existentes subindo o lugar de Penelas, cara o cárcere de Bonxe.

Unha vez comprobada esta situación conséctase que cando se circula en dirección Bonxe, chegando a estes circuítos, o deslumbremento que producen estes focos é importante, provocando situacións incómodas, e ata perigosas para os condutores que soben por esta pista cando estes focos están funcionando.

Como supoñemos que non producira un gran trastorno para os usuarios nocturnos destas pistas o feito de xirar ou reorientar un pouco estes focos, cremos que o concello debe proceder a facer esta operación evitando deste xeito esta molestia e falta de seguridade para os condutores que usan esta estrada.

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación para a toma en consideración por parte do Alcalde o seguinte ROGO:

Que o concella proceda a reorientar os focos de iluminación das pistas de Karting para evitar deslumbrar aos vehículos que circulan por esta pista de Penelas”.

O Alcalde afirma que nunca advertiu o deslumbramento dos focos, e recorda que están a 50 ou 60 metros da estrada e, por outra banda, a pista nunca se emprega de noite, xa que a iluminación necesaria para empregar a pista pola noite debería ser enorme superior. Non obstante, pasará pola estrada de noite para comprobar a existencia de este problema, xa que pode ser que algún foco puido moverse polo vento, ou mesmo que os focos sexan os do campo de fútbol, non os da pistas de karts.

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, ao escrito de preguntas presentado polo grupo municipal do BNG con número de rexistro de entrada 714 e data de 22 de febreiro de 2018, do seguinte teor literal:

“Xabier Molinos Campos e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiros do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente,



## Concello de Outeiro de Rei

---

presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte PREGUNTA REFERIDA AS ACTUACIÓNS DO CONCELLO E CONSELLERÍA DE CULTURA NA CONSERVACIÓN DAS MÁMOAS EXISTENTES NO CONCELLO

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo do Concello de Outeiro de Rei están documentadas arredor de 180 mámoas, cunha antigüidade superior aos 5.000 anos, que se atopan nun estado de conservación de regular a malo. Pola documentación e as referencias orais desapareceron máis de medio cento e outro número importante sofre continuas agresións sen que se tomen as medidas máis elementais para evitalo.

O Concello é responsable xa que, segundo a Lei do Patrimonio Cultural, ten a obriga de protexer e conservar os bens patrimoniais que se atopen dentro do seu ámbito territorial.

A principios do mes pasado os arqueólogos Xabier Moure e Brais Rodríguez presentaron denuncia ante a Xunta de Galicia para que abrirea o correspondente expediente e ante os medios de comunicación que na necrópole megalítica do Cordal de Acevedo, entre Parada e Martul, formada por preto dunha ducia de mámoas catalogadas fixeran un camiño, aberto con maquinaria pesada, que afectou á masa tumular da número 1, que ademais está catalogada como Ben de Interese Cultural (BIC). Esta mámoa conta coa singularidade de que un dos chantos graníticos que forman a cámara funeraria presenta unha figura antropomorfa de difícil interpretación que algúns autores identifican cunha especie de ídolo. Cómpre resaltar que os gravados nas mámoas son moi escasos en Galicia.

Esta necrópole está cuberta de maleza e sen sinalizar e o máis grave tamén se está a utilizar como vertedoiro do lixo, xa que nela podemos atopar, entre outros, armarios, andeis, inodoros, etc

É por todo iso polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego queremos presentar ante o Pleno desta Corporación e para contestación por parte do Alcalde as seguintes PREGUNTAS

- Pode o Sr. Alcalde informarnos das actuacións levadas a cabo dende a Consellería de Educación e Cultura en relación a antedita denuncia?. Ten pensado mandar limpar e sinalizar esta necrópole?
- Contempla elaborar algún plan, proxecto, actuación... para protexer e conservar os bens patrimoniais que se atopan dentro do territorio do noso Concello e na medida do posible evitar feitos como os denunciados?"

O Alcalde resposta que a Consellería de Cultura cursou un requerimento de información a raíz da denuncia, e que se contestou polo Concello. Engade que lle sorprende a denuncia, xa que o que se fixo alí foi unha limpeza da maleza dos cortalumes próximos á medorra. Non se fixo máis que a limpeza da maleza, polo que non se produxo ningún dano ou destrución da medorra.



## Concello de Outeiro de Rei

---

O ano pasado, con unha achega da Consellería, fíxose unha actuación de sinalización de bens de interese cultural, e seguirase a facer no futuro. De feito, no polígono industrial temos unha medorra perfectamente sinalizada e coidada nun lugar moi visible.

Cree que se está a trasladar a imaxe de Outeiro de Rei como destructores do patrimonio, o que non é certo, xa que se está a actuar continuamente na súa defensa dentro das nosas posibilidades.

No que atinxe aos programas e estudos, este equipo de goberno non publica o que se vai a facer, senón o que xa se fixo.

O concelleiro do BNG alega que a única medorra das 130 existentes que está sinalizada é a do polígono industrial, e a única que está catalogada como BIC é a afectada polas actuacións recollidas na denuncia e está en estado de abandono.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presenta acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde